

Unha revolución dixital global

A organización da economía


Na actualidade, as economías dos distintos países están interconectadas de tal maneira que as decisións que se toman nuns afectan a outros. Este fenómeno, favorecido polo desenvolvemento no ámbito dixital, é o que coñecemos como globalización.

Trátase dunha realidade que non afecta unicamente ás empresas e ao consumo, senón ás formas de vida e os costumes dos habitantes do planeta.

**Nos últimos 5 anos
o comercio electrónico
incrementouse
un 140 %**

O comercio electrónico no mundo

Ingresos por usuario por vendas e número de usuarios



No 2025, o comercio electrónico mundial representará entre o 15 % e o 40 % das vendas.

Aprenderemos a:

- Interpretar a multicausalidade na organización do sistema produtivo.
- Analizar os diversos sistemas económicos.
- Organizar a información sobre o funcionamento do mundo globalizado.
- Pensar criticamente nas consecuencias da globalización.
- Aprender a analizar unha infografía.


Acepto o reto!

Como podemos aproveitar a revolución dixital global?



O 35 % das transaccións comerciais realízanse en liña e a través de dispositivos móbiles

Métodos de pago do comercio electrónico global



Ingresos do sector da música gravada a nivel mundial

Ingresos en miles de millóns de dólares EUA



A aparición de plataformas dixitais permítenos acceder a servizos globais como a música

O comercio tradicional perde terreo fronte ás vendas en liña
3 momentos clave do comercio mundial



1ª ONDA

Electrónica, pasaxes de avión e entradas de espectáculos.



2ª ONDA

Roupa, xoguetes, ferramentas e elementos de decoración.




3ª ONDA

Alimentos e bebidas, tarxetas de viaxe (transportes públicos)...

Cada vez hai máis produtos de consumo dispoñibles en liña, dende paquetes de viaxes ata alimentos

Crecemento global do comercio electrónico por categorías



Conecto co medio

- Mira o vídeo. Que situación presenta?
- Que posición ocupa España en relación co número de consumidores de comercio electrónico?
- Que tres grandes rexións do mundo participan menos no comercio electrónico?

Penso xeograficamente

- Por que China se converteu nun dos grandes xigantes do comercio mundial?
- Que vantaxes e desvantaxes teñen os sistemas de pago electrónico nas compras?
- Por que aumentou o comercio electrónico?



A tecnoloxía como pulo da globalización comercial

1. Que é a actividade económica?

A economía busca satisfacer as necesidades humanas...

O principal obxectivo da economía é satisfacer as necesidades materiais dos seres humanos, que se concretan no **consumo de bens e servizos**, aos que se accede mediante un pago. Polo tanto, a economía implica un intercambio entre dúas partes: a que satisfai a necesidade e a que a adquire mediante os cartos.

Cando falamos de bens, referímonos a **produtos tanxibles**. É dicir, mercadorías que se poden tocar: mobles, produtos alimenticios, vehículos... Pola súa parte, os servizos son bens **intangibles**, como o caso do transporte, o comercio, a sanidade...

... implica a produtores e consumidores...

As principais partes implicadas na actividade económica son:

- Os **produtores**. Persoas que interveñen na creación de bens e servizos. A cambio, obteñen un beneficio que, na inmensa maioría dos casos, se materializa no cobro dunha determinada cantidade de cartos. O conxunto dos bens ou servizos que se opoñen á venda recibe o nome de **oferta**.
- Os **consumidores**. Persoas que acceden a eses bens e servizos co pago dunha cantidade de cartos. O número de produtos que os consumidores desexan adquirir recibe o nome de **demanda**.

... e comporta tres fases

A actividade económica realízase en tres fases:

- A **producción** de bens, na que interveñen os recursos naturais, a tecnoloxía e o traballo humano.
- A **distribución**, que consiste en facer chegar os bens producidos aos consumidores.
- O **consumo**, que comporta o intercambio dos bens mediante un pago monetario.

Somos consumidores responsables?



Para analizarmos que consumimos os seres humanos e como o consumimos, cómpre ter en conta a existencia de necesidades primarias e secundarias:

- As **necesidades primarias** fan referencia a aqueles bens ou servizos que son necesarios para a nosa supervivencia: alimentos, auga, roupa...
- As **necesidades secundarias** son aquelas que, sen ser imprescindibles para a supervivencia humana, contribúen ao benestar das persoas.

Nas necesidades secundarias é onde as empresas tratan de xerar novos hábitos de consumo co fin de obter maiores beneficios. A través da publicidade e a moda, acabamos asumindo que determinadas necesidades secundarias son imprescindibles para nós.

Aí é onde entra en xogo o concepto de **consumo responsable**. Asumilo supón formular novos hábitos de consumo, optando por un modelo máis respectuoso co medio ambiente e comprometido coa igualdade e o benestar das persoas.

Elementos que interveñen na actividade económica




CANTOS SECTORES ECONÓMICOS EXISTEN?

As actividades económicas clasifícanse en **tres grandes sectores**, que inclúen tanto os procesos de extracción das materias primas como a súa transformación e posterior distribución para a venda e o consumo. Ademais, tamén comprenden os servizos ás persoas.

A importancia económica de cada sector evolucionou ao longo da historia: o predominio tradicional do sector agrícola deu paso, no século XIX, ao sector industrial. Na actualidade, a hexemonía corresponde aos servizos.

A demanda de servizos avanzados e máis especializados desenvolveu un cuarto sector, o **sector cuaternario**, que reúne actividades de alto coñecemento científico e técnico. Estas actividades precisan dunha elevada formación académica.

Poboación mundial activa ocupada por sectores económicos



OS SECTORES ECONÓMICOS



Sector primario

Inclúe aquelas actividades económicas que extraen ou recollen materias primas do medio natural e que son consumidas directamente polas persoas ou pasan a ser empregadas pola actividade industrial.

As actividades que engloba este sector son: agricultura, gandería, pesca e explotación forestal (silvicultura).



Sector secundario

Encárgase de transformar as materias primas en bens elaborados. É dicir, comprende os procesos industriais que actúan sobre os recursos achegados polo sector primario.

Inclúe todas aquelas actividades que están relacionadas coa minaría, a enerxía, a construción e a industria.



Sector terciario

Non realiza ningunha actividade produtiva ou transformadora, senón que proporciona servizos ás persoas co fin de satisfacer as súas necesidades. De aí que tamén se lle chame sector servizos.

Algúns destes servizos son: ensino, transporte, sanidade, comercio, turismo, ocio, cultura, administración...

Comprendo

1. Para que serven as actividades económicas?
2. Observa o esquema dos elementos que interveñen na actividade económica. Cales son? De que forma participan?
3. Busca na Internet a porcentaxe de poboación activa dedicada a cada sector económico en tres países da Unión Europea: España, Suecia e Romanía. Despois, observa o gráfico desta páxina e compara os resultados. Que conclusións extraes?

Asumo un compromiso persoal



4. Reunídevos en parellas. Escribide cada un nun papel dez produtos que consumides de xeito habitual:
 - Identificade a materia prima e o seu proceso de transformación. En que sectores os incluíriades?
 - Pensade se responden a necesidades primarias ou secundarias.
 - Credes que sodes uns consumidores responsables? Por que? Debatédeo co voso compañeiro ou compañeira.

2. Como se organiza o sistema produtivo?

OS FACTORES DE PRODUCCIÓN

A obtención de bens e servizos require dunha serie de recursos básicos. Estes reciben o nome de **factores de produción**: os recursos naturais, o traballo, o capital, a tecnoloxía e o coñecemento.

Os recursos naturais

Son elementos da natureza que, sen transformación previa, se extraen do medio físico:

- As **materias primas**, que se empregan para elaborar outros bens.
- As **fontes de enerxía**, que xeran a forza necesaria para mover a maquinaria das fábricas e os transportes empregados no proceso de distribución.



O traballo

É a achega realizada polas **persoas** ao proceso de produción. Depende, fundamentalmente, da dedicación laboral do empregado, a súa formación, os medios que se poñen á súa disposición e a propia experiencia.


A produción tamén garda relación co número de traballadores que se dedican a acadar un determinado obxectivo e coa forma de organización adoptada polo proceso produtivo.

Os custos de produción

O valor dos factores produtivos constitúe os **custos de produción**, que poden ser **directos** ou **indirectos**.

Os **custos directos** están relacionados cos bens de produción, como as materias primas. Os **custos indirectos** son necesarios, pero non se relacionan directamente co produto, como, por exemplo, o alugueiro dun local.

Os recursos necesarios para producir



O capital

Fai referencia tanto aos bens durables (capital físico) necesarios para a actividade económica (instalacións, maquinaria...) como os cartos (capital financeiro). Ámbolos dous son necesarios para a creación dunha empresa e manter a súa actividade.



A tecnoloxía e o coñecemento (I+D)

Engloba o conxunto de **avances científicos e tecnolóxicos** que, aplicados á produción, achegan unha maior eficacia e eficiencia ao proceso produtivo.

A introdución de novas máquinas e tecnoloxías implica un cambio nas formas de produción e distribución dos bens e os servizos. Mais require contar co capital necesario para incorporalas e formar os traballadores.



... as economías planificadas de Estado...

O sistema de economía central planificada aplicouse ao longo do século XX nos países comunistas que adoptaron o modelo económico da URSS (Hungria, Polonia, República Democrática Alemá, Checoslovaquia, China, Cuba...).

Neste sistema, o Estado posúe un total predominio sobre os outros axentes económicos e é o principal propietario dos medios de produción e distribución. Deste xeito, o goberno determina que bens deben producirse, en que cantidades, cal debe ser o seu prezo de venda e que salarios deben pagarse. Todo isto regúlase a través dunha planificación central que os axentes económicos deben cumprir.

Este modelo económico practicamente desapareceu co afundimento do bloque comunista na última década do século XX. Na actualidade mantense nalgúns países illados (Cuba, Corea do Norte...), mentres que China evolucionou cara a unha economía mixta que conta con elementos comunistas e capitalistas.



En China coexisten un sistema político de partido único (Partido Comunista) e a liberdade económica, na que o 90 % da produción industrial se atopa en mans privadas.

... e as economías mixtas

Dende finais do século XX, o sistema de economía mixta é a tendencia predominante en case todos os países, aínda que varía moito o protagonismo que se lle outorga á intervención do Estado na economía.

Este sistema réxese polos principios básicos do capitalismo e son os dous axentes económicos privados, as familias e as empresas, as que toman a maioría das decisións. Porén, o Estado intervén na economía para regular o funcionamento do mercado cando se dá unha crise e para corrixir as desigualdades sociais a través dos impostos e as subvencións.

Nos países occidentais, este sistema asóciase ao **estado do benestar**, no que o Estado promove un reparto máis equitativo da riqueza mediante un sistema fiscal progresivo (paga máis quen máis ten), que financia os sistemas de asistencia e protección social.

O sistema de impostos do Estado español



Observo, comprendo e reflexiono

11. Observa o esquema da lei da oferta e a demanda e explica que papel xoga este mecanismo no sistema capitalista.
12. Describe as principais diferenzas entre o sistema capitalista e a economía planificada de Estado.
13. Interpreta, a partir do esquema do sistema de impostos, como o Estado promove unha sociedade máis equitativa. Que repercusións tería para a nosa vida diaria a desaparición do estado do benestar?

Analizo os procesos xeográficos

14. O capitalismo está sometido a crises cíclicas. Explica cales son as distintas fases dun ciclo capitalista e que caracteriza cada unha delas.
15. Moitas das crises capitalistas son de sobreprodución. Como se relacionan coa oferta e a demanda? Que causas as provocan? Por que se repiten de forma cíclica?
16. Sinala algunhas das consecuencias negativas das crises capitalistas. Céntrate, fundamentalmente, en como afectan ás persoas.

4. Vivimos nun mundo globalizado?

A expansión da economía capitalista de mercado como sistema económico dominante no mundo está intimamente unida ao fenómeno da **globalización** (ou mundialización).

A globalización é un proceso de carácter universal caracterizado pola interconexión económica entre os países e por unha maior rapidez nos intercambios comerciais e na toma de decisións empresariais. Este fenómeno, que se estendeu desde finais do século XX, transformou a economía, os territorios e as sociedades.

A globalización da economía...

A globalización económica veuse favorecida polo poder das empresas multinacionais, o aumento da produción e os avances nos transportes, as telecomunicacións e o comercio mundial. Este proceso globalizador caracterízase por:

- A crecente **interdependencia entre as economías** dos países, que se manifesta sobre todo a través do comercio internacional e tamén dos investimentos de capital procedentes do estranxeiro.
- O **fortalecemento das empresas multinacionais** que producen e venden os seus bens e servizos en diversos países.
- A **internacionalización dos mercados financeiros**, é dicir, que o capital e os cartos poidan circular de forma máis rápida e sinxela entre diferentes países, facilitando intercambios comerciais e investimentos nas empresas.
- O aumento dos **fluxos migratorios internacionais**, como consecuencia da mundialización dos transportes e as telecomunicacións. Actualmente, implican a máis do 3% da poboación mundial e a maioría son debidos a causas económicas.




As tres dimensións da globalización

- **Globalización económica.** Integración das economías locais nunha economía de mercado mundial. As grandes empresas multinacionais adquiren un enorme protagonismo.
- **Globalización política.** Crecente integración das distintas políticas nacionais nunha única política mundial a través de organismos internacionais, que fomentan e estenden as súas decisións por todo o planeta.
- **Globalización cultural.** Difusión mundial das tendencias occidentais en canto á moda, música, deportes, formas de actuar, pensamento...



Habitantes dun remoto lugar da sabana africana adaptándose ás novas tecnoloxías.

Os polos e fluxos da globalización



As vantaxes e desvantaxes de vivir nun mundo globalizado

Vantaxes

- Acceso universal á cultura e á ciencia.
- Intercambio cultural e científico entre países.
- Desenvolvemento dos sistemas de comunicacións globais.
- Mellores condicións de vida en case todos os países.
- Redución de custos de produción.
- Aumento de competitividade e economías de escala.
- Maior poder de elección en canto a bens e servizos por parte do cidadán.

Desvantaxes

- Aumento dos desequilibrios económicos, sociais e dos territorios.
- Desigualdade social a través da concentración da riqueza económica.
- Estandarización da cultura mundial e perda da identidade propia de cada país.
- Inflúen negativamente no ecosistema e sobre o quecemento global.
- En países en vías de desenvolvemento:
 - Maior dependencia de multinacionais.
 - Incremento de peche de fábricas.
 - Peores condicións laborais.

... uniformiza sociedades e culturas...

A globalización é un fenómeno basicamente económico, de consecuencias sociais e culturais provocadas pola facilidade do contacto entre persoas de calquera lugar do mundo.

Os modos de vida e de consumo uniformízanse. Nos cinco continentes cada vez son máis as persoas que seguen os mesmos códigos de vestimenta, se alimentan cos mesmos produtos, escoitan a mesma música, ven as mesmas películas, conéctanse ás mesmas redes...

Ademais, as migracións internacionais e desenvolvemento do turismo favorecen os contactos entre culturas e provocan unha verdadeira mestura cultural. Deste xeito, a nova sociedade globalizada tende á **multiculturalidade**, como se ve nas grandes metrópoles mundiais.

A globalización cultural



... e introduce novos riscos globais

A interconexión mundial tamén comporta a globalización de procesos como o terrorismo, o cambio climático e as epidemias, que se poden converter nunha ameaza mundial.

O **terrorismo**, exercido por grupos violentos que rexeitan a orde política e social, aproveita as vantaxes da globalización e recorre ás novas tecnoloxías da información (Internet, redes sociais, mensaxería encriptada) para aumentar a eficacia e o impacto dos seus atentados. Un exemplo diso foron os catro actos terroristas de gran repercusión mundial perpetrados polo grupo terrorista Al Qaeda nun ano (2001-2002).

O **contaxio de enfermidades** tamén tomou unha dimensión planetaria. En 2009, a SIDA difundíuse con moita rapidez e afectou a 33,3 millóns de persoas. En 2020, o coronavirus COVID-19 expandíuse por todo o mundo en poucos meses, converténdose nunha pandemia que obrigou ás autoridades sanitarias e económicas a tomar medidas sen precedentes (confinamento das persoas nas súas casas, cese ou freo da actividade económica, expansión do teletraballo...).



Campaña instando ás persoas de toda España a confinárense en cadansúas casas para frear a expansión do coronavirus COVID-19.

Analizo e razoo

17. Escolle algúns produtos ou servizos que forman parte da túa vida cotiá e investiga a nacionalidade das empresas que os fabrican e onde foron elaborados. Como nos amosan o fenómeno da globalización?
18. Cres que a globalización uniformiza as culturas? Que elementos positivos e negativos ves niso?

Interpreto a multicausalidade

19. Busca información na Internet sobre a expansión da COVID-19. Onde se iniciou? Cara a onde e en que tempo de difundiu? Que factores proporcionaron a súa expansión e que medidas se tomaron para erradicalo?
20. Explica e valora as vantaxes, desvantaxes e riscos da globalización da economía e das sociedades.

5. Que impulsa a globalización?

A globalización foi posible grazas á progresiva desaparición das barreiras comerciais internacionais, así como aos avances nos sistemas de transportes e telecomunicacións.

A liberalización do comercio...

A redución ou eliminación das barreiras impostas aos produtos (aranceis) coñécese como **liberalización comercial**. Esta política de redución de impostos ás importacións facilita o intercambio entre países de produtos e servizos.


Co fin de favorecer este comercio mundial, os países asinan acordos económicos internacionais para obter unha maior rendibilidade económica dos fluxos comerciais. Estes acordos poden implicar a varios países mediante a formación de grandes bloques comerciais (NAFTA, MERCOSUR, UE...).

A liberalización dos intercambios entre os países multiplicou o volume do comercio mundial nas últimas décadas. No ano 2017, as exportacións de mercadorías dos membros da Organización Mundial do Comercio (OMC) era de 17,6 billóns de dólares, sendo Asia o continente que máis contribuíu ao crecemento do comercio mundial.


Os dez países coas principais economías do mundo representan o 52% do total do comercio mundial, mentres que os países con economías en desenvolvemento contribuíron co 44%.

Afirmación do neoliberalismo e a globalización

A redución de aranceis comerciais



A explosión das exportacións mundiais



A mundialización do comercio





... dos mercados financeiros...

Os **servizos financeiros** comprenden todas aquelas actividades relacionadas coa xestión dos cartos (aforro, investimento etc.) ou a cobertura de riscos sobre os bens e as persoas (compañías de seguros).

Os servizos do **sistema financeiro** inclúen entidades (bancos, caixas de aforro), activos financeiros (accións, bonos etc.) e mercados (bolsas) que permiten o intercambio de recursos económicos entre aforradores e demandantes de crédito.

Un dos cimentos da globalización é a existencia dun **mercado financeiro mundial**. O desenvolvemento tecnolóxico e das comunicacións permitiu a mobilidade dos investimentos de capital de forma rápida e segura, que se realiza desde os mercados de capitais (bolsas) das principais cidades do mundo.

As transaccións financeiras (ou de capitais) son moi importantes e o seu importe é 75 veces superior ao dos intercambios reais de bens e servizos.

... e o desenvolvemento dos transportes e as comunicacións

O fluxo de intercambio propio da globalización require a existencia dunha **rede de transportes e comunicacións avanzada**. Só así é posible trasladar de xeito rápido e eficaz tal cantidade de bens e servizos.

No eido das comunicacións tivo unha especial relevancia a irrupción da Internet. Este fenómeno, unido ás redes de comunicación vía satélite e á fibra óptica, fixo posibles grandes avances no eido das transaccións de mercadorías, de bens, de capitais e de información, e propiciou novas posibilidades de negocio.

A mellora dos sistemas de transporte permitiu o traslado dun gran volume de mercadorías a distancias afastadas. Asia converteuse no centro deste tipo de transportes, acaparando o 55 % de todo o volume mundial.

Organizo a información


21. Fíxate no mapa da mundialización do comercio:

- Que novidade observas, respecto aos mapas tradicionais, na distribución dos continentes? A que cres que se debe?
- Realiza un pequeno texto explicativo do mapa no que fales de cales son os principais centros de comercio mundial, que direccións teñen os

Os grandes centros financeiros



A rede mundial da Internet



distintos fluxos comerciais e que produtos se comercian en cada un deles.

- Clasifica os distintos fluxos segundo se trate de fontes de enerxía, materias primas, mercadorías e produtos financeiros. Extrae conclusións sobre o papel que desempeñan as distintas áreas do mundo no comercio internacional.
- Pode ser que o mapa indique que a economía mundial se estea a desprazar do Atlántico ao Pacífico?

6. As multinacionais, protagonistas da globalización

As empresas multinacionais son os grandes actores da mundialización. Defínense como empresas capaces de producir e vender bens e servizos en varios países. Deste xeito, aproveitan as vantaxes que ofrece cada un deles e desenvolven **estratexias globais** que envolven a diferentes partes do mundo.

Unhas empresas a escala mundial...


As **multinacionais** son empresas de gran tamaño que conciben o mundo enteiro como o seu mercado potencial. Acumulan elevadas cantidades de capital, contan cunha gran forza laboral e sêrvense de eficaces redes de transportes e comunicacións.

A meirande parte das empresas multinacionais teñen a súa sede social no país de orixe, que adoita situarse nas zonas máis desenvolvidas: aproximadamente o 90% das grandes multinacionais atópanse en Europa, Xapón ou Estados Unidos. Porén, nos últimos anos, aumentaron o número de multinacionais en China, India e os países do Sueste Asiático.


A presenza de filiais das grandes empresas multinacionais é moi intensa nos países menos desenvolvidos porque a produción tende a deslocalizarse cara a lugares onde o custo da man de obra, as condicións laborais, os impostos ou as esixencias medioambientais son menores. Todo isto permitiulles reducir os custos de produción, ser máis competitivas e controlar unha boa porción do mercado mundial.

As multinacionais xogan un papel destacado nos países onde se implantan. A súa presenza comporta investimentos e decote contan coa colaboración de empresas locais coas que manteñen acordos de asociación. Ademais, promoven a creación de infraestruturas e xeran novos empregos, aínda que en ocasións con saldos baixos, longas xornadas laborais e condicións precarias.

A orixe das grandes multinacionais



O crecemento das multinacionais



As meirandes empresas do mundo

Ingresos en millóns de dólares	
1	Walmart 482 130
2	State Grid 329 601
3	China National Petroleum 299 271
4	Sinopec Group 294 344
5	Royal Dutch Shell 272 156
6	Exxon Mobil 246 204
7	Volkswagen 236 600
8	Toyota Motor 236 592
9	Apple 233 715
10	BP 225 982
11	Berkshire Hathaway 210 821
12	McKesson 192 487
13	Samsung Electronics 177 440
14	Glencore 170 497
15	Industrial & Com. Bank of China 167 227
16	Daimler 165 800
17	United Health Group 157 107
18	CVS Health 153 290
19	EXOR Group 152 591
20	General Motors 152 356

Observe


22. Coa información desta páxina contesta:

- Cal é a principal característica das multinacionais? Que obxectos perseguen?
- Onde adoitan situar as súas fábricas? E os seus centros de decisión? Por que?
- Cal é o país de orixe das principais multinacionais? Que sectores de actividade son os máis representados?

TOYOTA, UNHA GRAN MULTINACIONAL XAPONESA

Toyota é unha gran multinacional dedicada á fabricación e comercialización de automóviles a nivel mundial, e foi pioneira na aposta polos vehículos híbridos e eléctricos. A súa sede central está en Aichi e Tokio (Xapón), e os seus centros de investigación están repartidos por todo o mundo.

Tamén foi precursora en aplicar o procedemento *just-in-time* para obter no instante preciso a cantidade de pezas necesarias para producir os produtos xustos e no momento axeitado, eis que as pezas e a montaxe dos vehículos se realicen en calquera país do planeta.



... favorecidas pola globalización

Dende as últimas décadas do século XX, o número de empresas multinacionais multiplicouse por máis de dez e o número de filiais por máis de trinta. Coa globalización, as sociedades máis internacionais ampliaron as súas actividades a todos os sectores da economía e implantáronse en todos os recunchos do mundo.

Na actualidade, máis do 70% do comercio internacional está relacionado con empresas multinacionais. No 2019, as 500 compañías máis grandes do mundo tiveron uns ingresos de 33,3 billóns de dólares e case 70 millóns de traballadores.

As multinacionais son os principais axentes do proceso de globalización porque a súa expansión económica polo mundo vai da man da difusión dos seus valores, as súas formas sociais e os seus intereses culturais.



As grandes multinacionais expandíronse por todo o mundo.

Analizo e reflexiono

23. Por que moitas empresas multinacionais deslocalizan as súas fábricas cara a países menos desenvolvidos? Que vantaxes obteñen?
24. Valora os efectos que ten a deslocalización industrial para os países que reciben as factorías.

Reflexiono

25. Observa a fotografía e explica que papel cres que xogan as multinacionais na uniformización cultural do mundo. Pon exemplos.

Interpreto a multicausalidade

26. Explica os factores que demostran que Toyota é unha empresa multinacional. En que países actúa?
27. Comenta os diferentes pasos do deseño, produción e venda de coches da empresa Toyota. Identifica os distintos países onde se realiza cada proceso.
28. Desenvolve os diferentes factores da globalización que fan posible a existencia de empresas multinacionais como Toyota. Xustifica por que as multinacionais e a globalización se retroalimentan mutuamente.

7. A quen beneficia a globalización?


Un gran mercado, con grandes centros de decisión...

O forte incremento dos intercambios comerciais converteu o mundo nun **gran mercado global**, aínda que xerarquizado, que favoreceu os países máis desenvolvidos, a China, cun crecemento recente acelerado, e os países emerxentes en desenvolvemento. As grandes metrópoles destes países concentran numerosos poderes, xa que son:

- **Centros de decisións económicas e financeiras.** Reúnen as grandes bolsas mundiais, as direccións dos grandes bancos e as sedes centrais das empresas multinacionais.
- **Centros de decisións políticas.** Son sedes de institucións internacionais como a ONU, o FMI, a OMC, o Banco Mundial...
- **Centros de desenvolvemento científico e tecnolóxico.** Agrupan grandes núcleos de investigación e tamén universidades, que atraen estudantes de todo o mundo.
- **Centros de influencia cultural.** Inclúen museos, firmas publicitarias e empresas que marcan as tendencias de moda ou controlan as redes sociais.

Estes grandes núcleos económicos están unidos entre si por múltiples fluxos de intercambios (mercadorías, investimentos, telecomunicacións, información...) e concentran grandes infraestruturas que fan posible a **interconectividade** (aeroportos internacionais, nós de transporte intermodais, grandes servidores de Internet...).

Tamén acumulan unha boa parte do PIB mundial e do comercio internacional. En 2017, as dez principais potencias comerciais controlaban o 53% das transaccións mundiais, mentres que os países en desenvolvemento concentraban o 38,1% e o resto do mundo representaba menos do 10%.




Os movementos antiglobalización

Os efectos negativos da mundialización, como a concentración da riqueza en poucas mans, a desigualdade de oportunidades, a ameaza ambiental, a expansión de pandemias... provocou o xurdimento de movementos contrarios ao modelo actual de globalización.

Moitas Organizacións Non Gubernamentais (ONG) posicionáronse a favor doutro modelo de desenvolvemento social máis igualitario e menos agresivo co medio ambiental. En resposta ás reunións dos países e as persoas máis influentes do mundo, periodicamente organizan un Foro Social Mundial para formular alternativas.



Os grandes centros de decisión mundiais




O PIB e o PNB

Para coñecer o estado da economía dun país, un dos principais indicadores é o **Produto Interior Bruto** (PIB), isto é, o valor económico dos bens e servizos que se producen dentro de se país durante un ano.

Ora ben, non é o único indicador económico, pois tamén é importante o **Produto Nacional Bruto** (PNB). Con el faise referencia ao valor dos bens e servizos producidos polas empresas dun país ao longo dun ano, xa sexan dentro ou fóra das súas fronteiras.

PIB = Produto interno bruto

Potencias desenvolvidas, países emerxentes e zonas excluídas



Un cartograma (mapa-esbozo) é unha representación simplificada dun espazo en que sucede un fenómeno xeográfico.

Aínda que representa a linguaxe cartográfica (mares e océanos, formas de continentes e países, lenda...), os territorios represéntanse xeometricamente e non seguen unha escala precisa.

A súa principal vantaxe é a súa simplicidade, é dicir, o uso de cores, formas e símbolos esquemáticos moi visuais. Este cartograma, por exemplo, permite captar a simple vista:

- O desigual peso económico entre o Norte e o Sur.
- Os tres niveis de integración na economía globalizada: os países e rexións tradicionalmente desenvolvidos, os países emerxentes, as rexións menos desenvolvidas e as zonas excluídas.
- As grandes metrópolis mundiais, directoras da economía global.

... e os países emerxentes en desenvolvemento...

A globalización propiciou o crecemento económico dalgúns países en desenvolvemento, que nos últimos anos incrementaron o seu PIB ata situárense ao nivel dos países máis desenvolvidos.

Este crecemento económico sustenouse no desenvolvemento do sector industrial e, nalgúns casos, tamén dos produtos tecnolóxicos e servizos. Veuse favorecido por diversos factores:

- A **elevada rendibilidade dos investimentos**, o que estimulou a chegada de capitais procedentes das economías desenvolvidas.
- A **deslocalización das empresas multinacionais**, que propiciou o desenvolvemento industrial e incrementou o emprego e a formación dos traballadores. Ademais, o aumento da renda per cápita dos seus habitantes xerou maior consumo.
- A **liberalización dos intercambios e as novas redes de transporte mundial**, que permitiu a apertura dos mercados mundiais á produción de bens e servizos destes países.

... e os excluídos do mundo global

Situados en África e Asia, son os chamados países menos avanzados (PMA) e teñen unha integración moi feble na economía global. Estes países supoñen menos do 2% do PIB mundial e a súa participación no comercio internacional é moi reducida, baseada principalmente na exportación de produtos agrícolas e materias primas.

Os países teñen tamén unha renda per cápita moi pequena, un escaso desenvolvemento social (mortalidade infantil alta, baixo nivel de educación, insuficiente atención sanitaria...) e unha débeda externa elevada. Todo iso desincentiva os investimentos, fai aínda máis fráxil a súa economía e, en consecuencia, o desenvolvemento económico e social é máis difícil.

Comprendo

29. Quen organiza o Foro Social Mundial? Que pretende o Foro?
30. Explica con que vantaxes contan os países en desenvolvemento á hora de enfrontárense ao reto da globalización e que factores favoreceron aos países emerxentes.

Observo a localización

31. Observa os mapas:
 - Que países son os grandes beneficiados da globalización?
 - Onde se sitúan as principais metrópolis? Que vínculos se establecen entre elas?
 - Identifica cinco países desenvolvidos, cinco emerxentes e cinco PMA.
32. Compara dous países considerados PMA, un de África e outro de Asia:
 - Busca información na Internet sobre os datos seguintes: poboación, densidade, PIB por habitante, esperanza de vida, taxa de natalidade e mortalidade, taxa de alfabetización e porcentaxe de poboación dedicada ao sector primario, secundario e terciario.
 - Establece semellanzas e diferenzas entre as cifras de ambos os países, e amosa con cifras as desvantaxes dos PMA para enfrontar a globalización.

Aprendo a aprender. Análizo unha infografía

Que é unha infografía?

O termo **infografía** provén da unión de dúas palabras *información* e *grafía*.

O obxectivo principal dunha infografía é transmitir información empregando á vez textos, debuxos, gráficos, esquemas, estatísticas e todo tipo de ilustracións complementarias. Xa que logo, unha infografía é unha representación, esencialmente visual, que amosa de

forma ordenada e comprensible unha información complexa.

A finalidade dunha infografía é aproveitar a capacidade do cerebro para aprender e reter todo aquilo que nos amosa dunha forma máis sinxela, é por iso que se empregan elementos visuais combinados con pequenos textos descontinuos.

As tendencias de Internet no 2020



33. Para comprender esta infografía e analizar se está ben formulada, segue as pautas:

Análise do deseño

- O deseño é atractivo e claro en contidos? En que partes se distribúe a infografía? Que diferenza unhas doutras?
- Está ben repartida a cantidade de letra e elementos gráficos? Hai exceso ou falta dalgunha?
- Como se utilizan as cores para diferenciar os espazos e os contidos de información?
- O espazo libre entre elementos é suficiente? Sóbralle ou fáltalle?

Análise da narración

- Que narrativa transmite a infografía? Como se relacionan as distintas partes?

- Coidas que a información está exposta de forma aleatoria ou segue un patrón lóxico?
- Son de utilidade os títulos ou subtítulos?

Análise do contido

- Resume a idea esencial que pretende transmitir a infografía e di cales son os datos e exemplos máis importantes nos que se apoia.

Valoración persoal da infografía

- Expón aqueles aspectos que consideres máis apropiados e os que o sexan menos.
- Por último, fai propostas se consideras que poderías mellorar esta infografía.

RESOLVO O RETO!

I Como podemos aproveitar a revolución dixital global?

Xeramos ideas e valoramos

34. Ao longo da unidade aprendemos que vivimos nun mundo globalizado e que a irrupción da Internet tivo unha grande importancia no proceso da globalización. Que novas oportunidades ofrece a revolución dixital ás empresas á hora de vender os seus produtos?
35. Outro aspecto importante é o das diferentes dimensións da globalización (económica, política e cultural) e a estreita interrelación que existe entre elas? De que maneira as nosas pautas de consumo se uniformaron a nivel mundial?
36. Formade grupos de tres persoas e poñede en común as vosas respostas ás preguntas formuladas.
37. A partir das respostas, valorade tamén que vantaxes ten a revolución dixital para os consumidores.

Investigamos

38. Consultade a información dos recursos guía sobre grandes empresas que contan con plataformas de venda en liña. Escollede unha delas e realízade unha ficha con estes datos:



Nome e logotipo da empresa: _____

Ano de fundación: _____

Persoas ou persoa que a fundaron: _____

Fusións ou incorporacións doutras empresas: _____

Cifra mundial de empregados: _____

Ingresos netos mundiais: _____

Ingresos, se ten, declarados en España: _____

Impacto ambiental: _____

39. Primeiro debes distribuír o traballo entre cada un dos membros do equipo e, unha vez acabades de recoller a información, poñerédela en común.

Elaboramos e comunicamos

40. Poñédevos de novo por grupos e imaxinade que sodes unha pequena tenda de barrio. Determinade primeiro cales son os produtos que vendedes e despois figurádevos como podedes aproveitar a revolución dixital para ampliar o número dos vosos posibles consumidores.
41. Para iso, creade a vosa propia páxina web a partir das aplicacións que tedes nos recursos e dádlle publicidade aos vosos produtos.
42. Finalmente, amosádelle a toda a clase as vosas páxinas web e facede unha posta en común sobre os recursos que empregáchedes para atraer aos futuros clientes.



Recursos guía

Páxinas de grandes empresas

[tiching.com/785277](https://www.tiching.com/785277), [785288](https://www.tiching.com/785288), [785289](https://www.tiching.com/785289) y [785290](https://www.tiching.com/785290)

Para elaborar unha páxina web

[tiching.com/785291](https://www.tiching.com/785291) y [785292](https://www.tiching.com/785292)



Resumo o esencial

A actividade económica

- A economía busca satisfacer as necesidades das persoas, xa sexa producindo bens ou prestando servizos, aos que se accede mediante un pago.
- Toda actividade económica implica un intercambio entre dúas partes: a que satisfai a necesidade, os produtores; e a que a adquire mediante o uso dos cartos, os consumidores.
- A actividade económica realízase en tres fases: a produción, a comercialización e o consumo.
- As actividades económicas son moi variadas e organízanse en tres sectores principais: primario, secundario e terciario, pero tamén existe un cuarto sector relacionado cos servizos avanzados.

A organización do sistema produtivo

- Para a produción de bens e servizos son necesarios os factores de produción: recursos naturais, tecnoloxía e coñecemento, traballo e capital.
- A actividade económica realízana os axentes económicos: as persoas, as empresas e o Estado.

Os sistemas económicos

- Un sistema económico é o conxunto de normas e costumes que rexen a produción e os intercambios de bens e os servizos.


- Segundo o momento histórico e o tipo de sociedade, a actividade económica organízase de forma distinta: subsistencia, feudalismo, mercantilismo... Hoxe predomina o capitalismo, de libre mercado ou de economía mixta.

A globalización económica

- A globalización económica é un proceso mundial diferenciado pola interconexión económica dos países e por unha maior rapidez nos intercambios comerciais e nas tomas de decisións empresariais.
- O poder das empresas multinacionais, o aumento da produción, os avances nos transportes e as telecomunicacións, e a desaparición das barreiras comerciais favoreceron o desenvolvemento da globalización económica.
- As multinacionais conciben o mundo como un gran mercado global onde poden producir e vender bens e servizos en todos os países. As sedes das multinacionais adoitan estar situadas nos países máis desenvolvidos. As súas filiais adoitan estar repartidas por todo o mundo porque a produción tende a deslocalizarse.
- A globalización económica favorece aos países máis desenvolvidos e aos emerxentes. Nas súas grandes metrópoles residen os centros do poder económico, político, financeiro, cultural...

Mapa conceptual

13 Copia e completa no teu caderno este mapa conceptual:



© EDITORIAL VICENS VIVES

Comprobo os meus saberes

Sintetizo

44. Responde as preguntas:

- Que é a actividade económica? A quen implica? Que fases comporta?
- Como se organiza o sistema produtivo?
- Que significa a globalización económica? Que a impulsa?

Defino conceptos

45. Explica estes conceptos:

- oferta
- demanda
- capital
- empresa
- sistema económico
- sistema financeiro
- multinacional
- deslocalización


Relaciono

46. Indica que factores poden facer subir o prezo dun produto e cales poden facelo baixar:

- Un produto ponse de moda entre a xente nova.
- Fábricano moitas empresas.
- Aparece outro produto semellante, pero máis moderno.
- Escasean as materias primas que se precisan para fabricalo.
- Fábricao unha soa empresa en todo o mundo.

Explico o esquema

47. Explica os factores produtivos que require a produción de bens e servizos:



Identifico os efectos da globalización económica por países

48. Clasifica algúns dos efectos da globalización económica por países: máis desenvolvidos, emerxentes en desenvolvemento ou menos desenvolvidos:

- Reúnen os centros de decisións políticas, económicas e financeiras.
- A deslocalización de empresas propiciou o seu desenvolvemento industrial.
- Obteñen deles produtos agrícolas e materias que destinan á exportación.
- Experimentan un gran desenvolvemento industrial favorecido pola chegada de capitais do exterior.
- Teñen unha débeda externa elevada e escasean os investimentos de capital estranxeiro.
- Concentran os maiores fluxos de intercambios.

Completo un cadro-resumo

49. Busca información na Internet sobre unha empresa multinacional e completa o cadro:

Nome da empresa multinacional (por exemplo, Ikea)			
Data de creación	1943	Países onde fabrican os seus produtos	
País de orixe		Número de tendas no mundo	
Sector de actividade		Número de empregados	140 000
Produtos que fabrican		Valor de vendas anuais	

Como funciona unha empresa globalizada?

Seguro que algunha vez falaches cos teus pais sobre a roupa que usaban cando eran novos e do prezo que tiña. As grandes empresas multinacionais deslocalizaron moitas fábricas téxtiles a países con man de obra máis barata e, con iso, abarata-

ron os custos salariais. Pero iso implica, a miúdo, graves custos sociais en inxustizas e sufrimento. Ademais de deslocalizar, estas empresas tamén desenvolveron formas organizativas das que pode depender o seu éxito ou o seu fracaso.

É Inditex unha multinacional?


1 A EMPRESA INDITEX

Inditex posúe 9 coñecidas marcas de moda e complementos, das que Zara é a súa marca estrela. No 2021, tiña 6654 tendas en 96 mercados e a súa plataforma en liña operaba en 216 mercados.

3 No 2019, Inditex contaba cun total de 8 155 fábricas asociadas repartidas por todo o mundo e que forman parte da súa cadea de subministración. Non pertencen a Inditex, senón aos seus 1 985 provedores non exclusivos. O 96% da produción total concéntrase en 12 clústeres ou agrupacións de fabricantes e provedores. Entre todos eles sumaban, ao peche do 2019, máis de 2,6 millóns de traballadores.

Cinco días, *El País Economía*,
7 de febreiro do 2020.

2 FÁBRICAS E PROVEDORES ASOCIADOS A INDITEX NO 2019



50. Coa información das tres fontes anteriores, indica no teu caderno se as afirmacións son verdadeiras (V) ou falsas (F):

Inditex dá traballo a máis de 2 millóns de persoas no mundo, pero non todas son empregados propios.

O continente con máis provedores asociados a Inditex é África.

A maioría das fábricas que traballan para Inditex dedícanse á fabricación de pezas de roupa.

V	F
☐	☐
☐	☐
☐	☐

51. Con que argumentos defenderías que Inditex é unha multinacional?

Como organiza a súa produción unha multinacional?

4 A cadea de subministración segue este proceso: Diseño → Producción → Produto final → Distribución. Inditex soubo flexibilizar esta cadea, inspirándose nas familias españolas da posguerra, que conseguían con rapidez prendas baratas e "novas", tinguindo doutra cor a roupa xa usada. Creou así unha dobre produción en paralelo: a) de produto inter-

medio ou base, en lugares afastados, e b) de prendas acabadas, en fábricas próximas (Europa, Turquía e Marrocos).

Esa flexibilidade permitiu deslocalizar o produto base de baixo custo e producir con rapidez acabados diferentes, en resposta ás demandas do mercado.

Universia Business Review, 2012 (adaptación).